



O 27 DE XUÑO TES QUE PARAR

A precariedade nas condicións laborais e nos salarios é o futuro que todos nós e os que veñan detrás teremos que sufrir se non modificamos o rumbo dos acontecementos.

En Telefónica, igual que noutras moitas empresas, estanse producindo modificacións substanciais co obxectivo de igualar á baixa as nosas condicións coas dos traballadores das novas empresas do sector. A situación non é nova, porque se vén producindo desde hai anos, pero os ritmos e a profundidade deses cambios incrementábase a cada vez máis, favorecida pola desmobilización e a redución do persoal.

Unha das principais causas de que isto veña sucedendo está relacionada directamente co modelo sindical dominante que boicotea os órganos de representación colectiva en beneficio das seccións sindicais e anula a dinámica colectiva no protagonismo das relacións laborais, a favor da relación entre cúpulas sindicais e empresa(s), unha relación que leva as cúpulas a ser máis comprensivas cos obxectivos da empresa que cos dos propios traballadores.

Ante a falta de resposta, cando non colaboración, por parte de quen pola súa representatividade debería liderarnos ante as agresións constantes de Telefónica aos nosos dereitos e ao emprego, os sindicatos que formamos parte da coordinadora de sindicatos de Telefónica tomamos a decisión de ser nós mesmos os que iniciásemos un proceso alternativo para evitar ou minimizar os efectos das pretensións da Empresa.

Hoxe por hoxe non hai ningunha outra esperanza de recuperar un sindicalismo participativo e colectivo no que as traballadoras e traballadores sexan os protagonistas principais. Só nós, coas mobilizacións que convocamos, estamos a tratar de evitar a desfeita que ten en mente Telefónica para esta empresa. Fomos nós e os traballadores máis coherentes coa realidade e a súa condición de prexudicados os que rachamos o tópico manexado por algúns de que as segregacións son inevitables, pois a propia empresa na Mesa de Negociación Colectiva do día 18 de xuño manifesta estar disposta a paralizalas en Inmobiliario e Loxística.

Telefónica ten medo de que se estendan as nosas iniciativas e de que un novo modelo de relacións laborais alimentado pola participación e a mobilización de traballadoras e traballadores, a través do funcionamento colectivo e dinámico poida alterar os proxectos de desmantelamento do actual modelo de empresa. Por ese medo, a estratexia da empresa é desmobilizar e intentar rebentar o novo movemento sindical que pode xurdir da coordinadora. Por iso cambia na reunión do 18 algunhas das cuestións máis negativas da súa plataforma presentada o día 11, como as segregacións e a mobilidade interprovincial, unha vez anunciada a convocatoria dun novo paro para o día 27. Pero introduce un ERE, pendente de concretar, a todas luces inmoral nunha multinacional, que seguramente vai xerar un alto nivel de confusión.

Temos que ser conscientes de que quitar as segregacións é un triunfo, e de que abre unha porta á esperanza para evitar o futuro que nos ten preparado; pero tamén de que é imprescindible continuar, sen deixarse enganar pola estratexia da empresa, e ampliar o número de traballadores e traballadoras que secunden o paro do día 27 e o resto de mobilizacións convocadas.

A defensa do emprego e do posto de traballo na localidade, a loita en contra da segregación actividades e de persoas e a defensa da Negociación Colectiva son os elementos fundamentais das nosas reivindicacións. Se isto é o que máis te preocupa únete a nós e participa activamente.

Considera o esforzo a realizar como o mellor investimento que poidas facer polo teu futuro. O teu posto de traballo periga e se agora non o defendes poida que non exista outra ocasión ou que sexa moito máis difícil conseguilo. Este tipo de cuestións non se poden deixar para que as solucionen outros, necesita de todas e todos e cantos máis participemos máis fácil será conseguir os nosos, os teus, obxectivos.

**POLA DEFENSA DO EMPREGO E DO POSTO DE TRABALLO NA LOCALIDADE
EN CONTRA DA SEGREGACIÓN DE ACTIVIDADES E DE PERSOAS
POR UNHA NEGOCIACIÓN COLECTIVA REAL E PARTICIPATIVA.
NON AO EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO.**

**PARTICIPA NO PARO DE 4 HORAS DO DÍA 27 DE XUÑO E NO
RESTO DE MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS**

23 DE XUÑO DE 2003